



RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A PUBLICACIÓN DAS LISTAXES PROVISIONAIS DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS PARA AS PROBAS DO CELGA 4

Código do Procedemento: PL500C

De acordo co previsto na resolución da Secretaría Xeral de Política Lingüística do 5 de marzo de 2024, pola que se convocan as probas para a obtención do Certificado de Lingua Galega nivel 4, e logo de revisar as solicitudes presentadas,

RESOLVO:

- Aprobar as listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas.
- Ordenar a publicación na web www.lingua.gal.

As persoas excluídas disporán dun prazo de dez días hábiles, que se contarán a partir do seguinte ao da publicación desta resolución na web da Secretaría Xeral de Política Lingüística, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a súa exclusión.

En todo caso, as persoas que presenten alegacións enviaranlle un correo electrónico á Secretaría Xeral de Política Lingüística ao seguinte enderezo: sxpl.probascelga@xunta.gal, no que indicarán o día en que presentaron a emenda e o motivo desta.

ANEXO: listaxes por localidade.

Mediante este documento notificaselles aos interesados o contido desta resolución, segundo o esixido no artigo 40.1 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, de 2 de outubro de 2015), xa mencionada anteriormente.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

